

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ORDE do 1 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento MT809B).

De acordo co disposto no artigo 148.1.11 da Constitución, en virtude do establecido no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía de Galicia, esta comunidade autónoma ten competencia exclusiva en materia de caza.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ten atribuída a ordenación e o aproveitamento dos recursos cinexéticos, segundo o establecido no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O lobo mantén unha poboación abundante na xeografía galega. A súa presenza nos nosos montes non só é un expoñente da nosa rica biodiversidade senón, ademais, un elemento destacado no equilibrio biolóxico do medio en que se desenvolve.

As súas necesidades alimenticias entran ás veces en conflito cos intereses do sector gandeiro, que sofre a depredación que ocasionalmente realiza sobre o gando. Por iso, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para conciliar o interese pola pervivencia da especie co das actividades gandeiras, pon en marcha unha liña de axudas, de carácter compensatorio, para reparar os danos ocasionados sobre o gando vacún, ovino, cabrún, equino, porcino de Galicia, asnal e mular, sempre que os danos procedan de ataques que non poidan evitarse polo tipo de gando ou polo sistema de explotación e non cando poida demostrarse desatención ou intencionalidade de non protexer o gando.

Tendo en conta a información sobre os ataques de lobos, recollida nos últimos anos, o importe das axudas incrementarase nun 30 % cando afecte explotacións dos concellos recollidos no anexo III desta orde.

O réxime xeral das axudas e subvencións nas administracións públicas establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel



reglamentario a norma principal constitúea o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas exixencias da citada normativa.

Nos vindeiros exercicios, estas axudas financiaranse con cargo ás consignacións orzamentarias que, mediante disposición complementaria, se determinen anualmente, de acordo co contido da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada exercicio. Para 2023, o referido importe recóllese no artigo 21 desta orde.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO:

Artigo 1. *Obxecto e principios*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras afectadas polos ataques do lobo ás reses das súas explotacións, coa finalidade de compensar os danos ocasionados no seu gando, e proceder á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento MT809B).

2. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrancia, obxectividade, igualdade e non discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Así mesmo, resultarán de aplicación os preceptos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2. *Persoas beneficiarias*

1. Poderanse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando que se especifica no anexo I e que fose afectado por ataques de lobos dentro da Comunidade Autónoma.

2. Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias das axudas previstas nesta orde aquelas en que se produza algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou as persoas beneficiarias propietarias de gando vacún leiteiro naqueles casos en que se poida demostrar unha clara desatención na protección dos animais contra os ataques do lobo, agás no caso de gando



vacún leiteiro que por prescripción facultativa veterinaria deba permanecer fóra das instalacións gandeiras e que, téndose adoptado as adecuadas medidas de protección, sexa afectado por ataques do lobo.

Artigo 3. *Requisitos*

1. O gando danado polo cal se solicita a axuda deberá cumprir cos seguintes requisitos:

a) Pertencer a unha persoa física ou xurídica titular dunha explotación gandeira inscrita na sección correspondente segundo o tipo de gando no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia.

b) O gando bovino, ovino e cabrún deberá cumprir cos requisitos sanitarios establecidos nos programas de control, vixilancia e erradicación de enfermidades que poden afectar ás especies gandeiras de acordo coa normativa aplicable para o efecto.

No caso do gando porcino, deberá pertencer á raza Celta e cumprir cos requisitos sanitarios establecidos no Real decreto 599/2011, do 29 de abril, polo que se establecen as bases do Plan de vixilancia sanitaria do gando porcino, e no Real decreto 360/2009, do 23 de marzo, polo que se establecen as bases do programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.

c) Estar identificado de acordo coa normativa aplicable para o efecto e, no caso de gando porcino de raza Celta, deberá estar identificado individualmente e estar inscrito no Libro xenealóxico da raza.

2. As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no seu artigo 10.

Artigo 4. *Ámbito temporal*

Esta orde comprende as axudas para os danos producidos polo lobo que se comuniquen desde o 1 de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023.

Artigo 5. *Comunicación do dano*

1. Nas vinte e catro horas seguintes ao ataque no caso de gando en réxime intensivo e de tres (3) días no caso de gando en réxime semiextensivo ou extensivo, as persoas pro-



pietarias das reses deberán poñelo en coñecemento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda mediante unha chamada, no horario hábil, ao teléfono 012, na cal se lles facilitará un código que servirá para acreditar a chamada e identificar o expediente.

O horario hábil de atención telefónica é desde as 8.00 ata as 20.00 horas, de luns a venres, e desde as 8.00 ata as 17.30 horas, os sábados.

Para os danos constatados entre as 17.30 horas dos sábados e as 8.00 horas dos luns, a comunicación da constatación do ataque realizarase nas vinte e catro horas seguintes contadas desde as 20.00 horas do domingo.

Os animais mortos non poderán ser manipulados para non obstaculizar o labor investigador dos/das axentes que se despracen ao lugar para valorar os feitos e elaborar a correspondente acta. Para isto, tomaranse as medidas oportunas para evitar, no posible, a alteración do escenario do acto de depredación e evitara, en todo caso, o seu traslado do lugar dos feitos.

Os animais feridos poderán ser atendidos por persoal veterinario coa menor manipulación posible, co obxecto de non entorpecer o labor investigador.

2. A partir do 1 de outubro de 2023 poderán realizarse comunicacións por danos de lobo de acordo co establecido nos parágrafos anteriores e a concesión de axudas queda condicionada a unha nova convocatoria no ano 2024.

Artigo 6. *Importe das axudas*

1. O importe das axudas por morte do gando figura no anexo I desta orde para cuxo cálculo se tivo en conta tanto o dano emerxente como o lucro cesante.

Este importe incrementarase nun 30 % cando afecte gando pertencente a explotacións gandeiras dos concellos recollidos no anexo III desta orde e nun 10 % no caso daquelas explotacións en que se comprobouse a aplicación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo (cans para a protección e defensa do gando, cerrumes de malla electrificada, valados fixos electrificados e valados fixos con malla gandeira ou cinexética), e que fosen avaliadas como axeitadas pola Comisión de Valoración correspondente, de acordo co criterio que fixe ao respecto a Dirección Xeral de Patrimonio Natural para o período de vixencia desta orde.



2. No caso de animais feridos, a axuda calcularase en función dos gastos veterinarios producidos e acreditados (enténdese por gasto veterinario tanto a actuación do persoal profesional como o tratamento prescrito), nunha contía que, en ningún caso, poderá exceder o límite das contías previstas no anexo I desta orde.

Cando os animais feridos sexan varios exemplares, admitiranse facturas conxuntas do servizo veterinario en que se relacione o gasto veterinario de xeito individual para cada un dos animais feridos, con referencia á súa idade e á súa identificación individual, de ser o caso.

Admitiranse facturas do servizo veterinario nas cales os gastos conxuntos non veñan especificados de xeito individual por cada un dos animais feridos. Neste caso, os gastos por animal serán cuantificados dividindo o seu importe total entre o número de animais afectados.

No caso de animais que, tras o tratamento prescrito, morran como consecuencia das feridas producidas polo acto de depredación, a axuda poderá superar o límite das contías previstas no anexo I desta orde. Nestes casos, a axuda calcularase en función das contías previstas no anexo I desta orde por animal, máis os gastos veterinarios producidos e acreditados ata un máximo do 10 % das anteditas contías.

No caso de reses afectadas polo ataque do lobo que sobrevivan ao acto de depredación e como consecuencia del sufran un aborto, que precisará dunha certificación veterinaria que o acredite, a cantidade compensatoria por cada aborto corresponderá a un 75 % do valor da clase e idade máis baixa no caso de especies de gando ovino e cabrún e do 75 % do valor da clase e idade máis baixa no caso do resto das especies de gando, segundo as contías previstas no anexo I desta orde. No caso de parto múltiple, compensarase por cada un dos animais abortados.

3. Os gastos de eutanasia producidos e acreditados serán compensables. O importe máximo da compensación dos gastos de eutanasia por animal establécese en 75 €. No caso de que os gastos excedan este importe, a persoa beneficiaria terá dereito á axuda máxima, é dicir, 75 €.

A eutanasia realizarase de forma regrada e será prescrita e efectuada por unha persoa profesional veterinaria, co fin de evitar ao animal sufrimento grave e irremediable ou afección grave.

CVE-DOG: qujumkh6-47i6-bws4-kid7-2sizx92tjha2



Artigo 7. Solicitudes

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (código de procedemento MT809B).

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas traballadoras autónomas e as persoas representantes dunha das anteriores.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As solicitudes dirixiranse á xefatura territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da provincia en que se produza o dano.

2. A solicitude de axuda, segundo o modelo do anexo II desta orde (código de procedemento MT809B), inclúe as seguintes declaracións da persoa solicitante:

a) Declaración do total das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas.

b) Declaración da conta para a transferencia bancaria.

c) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.



d) Cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 8. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Se a persoa titular é unha persoa xurídica, acordo do órgano competente desta polo que se aprobou a solicitude desta axuda. Cando se trate dunha comunidade de bens, ademais, acreditarase que o acordo foi tomado pola maioría dos seus membros e o réxime de participación de cada un deles na dita comunidade. Cando se trate dunha comunidade de montes veciñais en man común, o acordo deberá estar tomado en asemblea e acreditado mediante acta ou certificación da persoa que exerza as funcións de secretaría.

b) No caso da persoa representante, e de acordo co artigo 5.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, deberá acreditar esa representación mediante algún dos seguintes medios de acreditación:

– Por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna (poder notarial, representación legal, copia de escrituras ou poder onde se acredite a representación legal...).

– Mediante apoderamento *apud acta* efectuado por comparecencia persoal ou comparecencia electrónica na correspondente sede electrónica, ou a través da acreditación da súa inscrición no rexistro electrónico de apoderamentos da Administración pública competente.

2. No caso de animais feridos ou da aplicación da eutanasia, a factura dos gastos veterinarios segundo o especificado no artigo 6, números 2 e 3.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.



De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas persoas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación destes de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica tamén poderán realizarse os ditos trámites presencialmente



en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
 - b) NIF da entidade solicitante para as persoas xurídicas.
 - c) DNI/NIE da persoa representante (se for o caso).
 - d) NIF da entidade representante.
 - e) Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT.
 - f) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
 - g) Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda.
 - h) Concesións de subvencións e axudas.
 - i) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
 - j) Concesións pola regra *de minimis*.
 - k) Inscripción no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia.
 - l) Identificación da res afectada, o estado sanitario e toda a información necesaria para poder valorar o cumprimento das exixencias legais que afectan o gando conforme a lexislación vixente.
- Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:
- m) No caso de ataque ao gando porcino Celta, inscrición no Libro xenealóxico da raza.



No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

2. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 12. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario. No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de



Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso, no formulario, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Prazo de presentación de solicitudes*

Os prazos de presentación da solicitude de axuda serán os seguintes:

a) Para os danos comunicados entre o 1 de outubro de 2022 e a entrada en vigor desta orde, o prazo de presentación será dun mes contado a partir da entrada en vigor desta orde.

É requisito imprescindible que previamente se comunicase o ataque do xeito e no prazo previsto na Orde do 20 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocan para o ano 2022.

b) Para os danos ocasionados a partir da entrada en vigor desta orde, o prazo de presentación será dun mes contado desde o día seguinte ao da comunicación do dano.

Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Artigo 14. *Procedemento de concesión*

1. A concesión das axudas para paliar os danos producidos polo lobo tramitarase en réxime de concorrencia.



2. O procedemento de concesión iniciárase coa presentación da solicitude de axuda.

3. De conformidade co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tendo en conta o carácter compensatorio que presentan as axudas para paliar os danos producidos polo lobo, exceptúase expresamente o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos nesta orde.

4. Estas axudas tramitaranse mediante o procedemento abreviado ao abeiro do artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15. *Tramitación*

1. As solicitudes remitiranse ás xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Os servizos de Patrimonio Natural examinaranas e revisarán a documentación complementaria que se especifica no artigo 8 desta orde.

2. No caso de que sexan detectados erros ou omisións, requirirase a persoa interesada para que, no prazo de dez (10) días contados desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende ou complete a solicitude, coa indicación de que, se non o fixer así, se terá por desistida da súa petición logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á persoa solicitante que achegue a información e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

4. Os danos comunicados e as solicitudes correspondentes, de ser o caso, serán avaliadas por unha comisión de valoración creada para tal fin nos servizos de Patrimonio Natural, dentro dos seus respectivos ámbitos territoriais. Na composición da Comisión de Valoración procurarase acadar unha presenza equilibrada de homes e mulleres.

Esta comisión será presidida pola persoa titular do Servizo de Patrimonio Natural ou persoa en quen delegue. Ademais, serán membros da citada comisión a persoa titular da Xefatura de Sección de Biodiversidade ou da Xefatura de Sección de Caza e Pesca Fluvial, e o persoal axente ambiental que determine a persoa que presida a citada comisión, segundo os casos.



Poderá, así mesmo, asistir ás reunións destas comisións, en calidade de persoal asesor, persoal veterinario, persoal experto na materia e persoas representantes do sector gandeiro, por invitación da persoa que presida a Comisión.

5. Os servizos de Patrimonio Natural, a través das xefaturas de Sección de Biodiversidade ou da Xefatura de Sección de Caza e Pesca Fluvial, emitirán unha certificación co resultado da avaliación das solicitudes, que remitirán á Dirección Xeral de Patrimonio Natural xunto coa documentación das solicitudes avaliadas que sexa necesaria para a tramitación dos aboamentos.

6. A Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas formulará, como órgano instrutor, as propostas á Dirección Xeral de Patrimonio Natural ata esgotar o crédito consignado para o efecto.

7. En ningún caso se concederán aboamentos á conta ou pagamentos anticipados.

Artigo 16. *Resolución e recursos*

1. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a competencia para a concesión das axudas reguladas nesta orde corresponde á persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada con suxeición ao establecido nas bases reguladoras desta orde.

2. O prazo máximo para resolver será de tres meses desde a presentación da solicitude de axuda. Transcorrido o prazo sen que se dite resolución expresa, as persoas solicitantes poderán entender desestimada a súa solicitude, nos termos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A resolución ditada, segundo o disposto no número 1 deste artigo, poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución for expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Artigo 17. *Aceptación da axuda concedida e trámites posteriores ao inicio de expediente*

O outorgamento da axuda debe ser aceptado pola persoa beneficiaria no prazo máximo de dez (10) días desde a súa notificación, coas condicións específicas recollidas nesta orde. No caso de que a persoa beneficiaria non comunique a súa aceptación dentro do prazo indicado, considerarase que se entende tacitamente aceptada a axuda concedida.

Artigo 18. *Compatibilidade*

1. As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras axudas de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades, sempre e cando a suma das axudas concedidas non supere o importe total dos gastos, conforme o establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Estas axudas serán incompatibles coas cantidades percibidas en concepto de indemnización polos mesmos danos derivados dun expediente de responsabilidade patrimonial.

Artigo 19. *Rexistro Público de Subvencións*

1. A concesión das axudas para paliar os danos producidos polo lobo reguladas nesta orde será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencionada en Galicia.

2. A solicitude para ser persoa beneficiaria de axudas para paliar os danos producidos polo lobo levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións, dependente da Consellería de Facenda, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na solicitude. Non obstante, as persoas solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións cando conorra algunha das circunstancias previstas na alínea d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.



Artigo 20. *Pagamento*

1. O pagamento corresponderase co importe da axuda aprobada.

2. Non poderá realizarse o pagamento da axuda mentres a persoa beneficiaria non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21. *Crédito*

1. Esta convocatoria de axudas tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, no momento da resolución.

2. As axudas concedidas ao abeiro desta orde serán financiadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, con cargo á aplicación orzamentaria 08.03.541B.470.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023. O importe asignado é de seiscentos corenta e seis mil douscentos vinte catro euros (646.224 €).

3. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde, cando o incremento derive:

- a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.
- b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.
- c) No suposto previsto no artigo 25.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, unha vez aprobada a modificación orzamentaria que proceda.



4. As solicitudes e recursos estimados de anos anteriores que non se poidan conceder por insuficiencia orzamentaria ou por incidencias na tramitación por causa da Administración atenderanse con cargo á convocatoria do ano seguinte, de se producir.

Artigo 22. Disposicións xerais

1. O réxime de infraccións e sancións aplicable será o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As persoas beneficiarias están obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos competentes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como a que lles requira calquera órgano comunitario de inspección ou control, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 9/2007 citada, nos casos e termos previstos no artigo 33 da mesma lei.

5. A relación das axudas concedidas publicarase no *Diario Oficial de Galicia* cando o importe destas, individualmente consideradas, sexa igual ou superior aos 3.000 €. Para as de contía inferior, a relación das concedidas e denegadas farase pública a través da páxina web da consellería, nos termos establecidos no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e tamén as sancións que se poidan impoñer, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.



Disposición adicional única. Delegación de competencias

Autorízase expresamente a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde.

Así mesmo, deléganse na persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural as facultades relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o cumprimento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2022

Ángeles Vázquez Mejuto
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

ANEXO I**Baremo utilizado para o pagamento de axudas polos ataques do lobo**

Especie	Clase e idade	Custo calidade normal	Custo calidade selecta (*)	Lucro cesante carne (femias)	Lucro cesante leite (femias)
Ovino	Cordeiro < 12 meses	77 €	98 €		
Ovino	Adulto ≥ 12 meses e < 6 anos	127 €	138 €	13 €	147 €
Ovino	Adulto ≥ 6 anos	29 €	34 €		
Cabrún	Cabrito < 12 meses	81 €	121 €		
Cabrún	Adulto ≥ 12 meses e < 6 anos	113 €	145 €	7 €	223 €
Cabrún	Adulto ≥ 6 anos	29 €	34 €		

(*) Razas de ovino-cabrún incluídas no Catálogo oficial de razas de gando de España (anexo I do Real decreto 2129/2008) ou calquera outra raza de ovino-cabrún de liña pura.

CVE-DOG: qujumkh6-47f6-bws4-kid7-2sizx92tjha2



Especie	Clase e idade	Custo raza Celta
Porcino	Leitón < 3 meses	91 €
Porcino	Porco ≥ 3 meses e < 6 meses	152 €
Porcino	Porco ≥ 6 meses e < 9 meses	202 €
Porcino	Porco da ceba ≥ 9 e < 12 meses	303 €
Porcino	Porco da ceba ≥ 12 meses	384 €
Porcino	Reprodutoras	364 €
Porcino	Reprodutora preñada	404 €
Porcino	Reprodutor	455 €

Especie	Clase e idade	Custo rubia galega	Custo outras razas autóctonas*	Custo vacún leiteiro	Custo resto de reses de gando vacún	Lucro cesante carne (femias)	Lucro cesante leite (femias)
Bovino	Becerro < 2 meses	373 €	440 €	293 €	293 €		
Bovino	Becerro ≥ 2 meses e < 4 meses	469 €	560 €	373 €	373 €		
Bovino	Becerro ≥ 4 meses e < 6 meses	791 €	1.025 €	685 €	685 €		
Bovino	Becerro ≥ 6 meses e < 1 ano	805 €	1.060 €	708 €	708 €		
Bovino	Vacún ≥ 1 ano e < 2 anos	1.075 €	1.405 €	1.172 €	938 €		
Bovino	Vacún ≥ 2 anos e < 6 anos	1.332 €	1.999 €	1.774 €	1.223 €	97 €	1.387 €
Bovino	Vacún ≥ 6 anos e < 9 anos	1.065 €	1.464 €	977 €	977 €	97 €	1.387 €
Bovino	Vacún ≥ 9 anos	639 €	798 €	534 €	534 €	97 €	1.387 €

*Outras razas bovinas autóctonas de Galicia: cachena, caldelá, vianesa, limiá e frieiresa.

Especie	Clase e idade	Custo Pura Raza Galega	Custo outros cabalos
Equino	Poldro < 2 meses	242 €	194 €
Equino	Poldro ≥ 2 meses e < 4 meses	316 €	242 €
Equino	Poldro ≥ 4 meses e < 6 meses	440 €	366 €
Equino	Poldro ≥ 6 meses e < 1 ano	660 €	551 €
Equino	Equino ≥ 1 ano e < 2 anos	704 €	601 €
Equino	Equino ≥ 2 anos e < 10 anos	880 €	660 €
Equino	Equino ≥ 10 anos	660 €	498 €
Asnal	Asnal < 1 ano	67 €	
Asnal	Asnal ≥ 1 ano e < 10 anos	222 €	
Asnal	Asnal ≥ 10 anos	167 €	
Mular	Mular < 1 ano	111 €	
Mular	Mular ≥ 1 ano e < 10 anos	333 €	
Mular	Mular ≥ 10 anos	248 €	




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA**

ANEXO II

PROCEDIMENTO AXUDAS ECONÓMICAS PARA PALIAR OS DANOS PRODUCIDOS POLO LOBO	CÓDIGO DE PROCEDIMENTO MT809B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---------------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO		NOME DA VÍA		NÚM.		BLOQ.	
PARROQUIA		LUGAR		ANDAR		PORTA	
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1		TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO			

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
SEXO		HOME		MULLER		OUTROS	
☐		☐		☐		☐	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:							
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO					
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE							
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.							
☐ Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.							
☐ Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)							
TIPO		NOME DA VÍA		NÚM.		BLOQ.	
PARROQUIA		LUGAR		ANDAR		PORTA	
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	

DATOS BANCARIOS							
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
				IBAN			

IDENTIFICACIÓN DO DANO							
CÓDIGO IDENTIFICACIÓN DA DENUNCIA		DATA DO DANO		TIPO DE GANDO		NÚM. CABEZAS AFECTADAS	
PARROQUIA		LUGAR		CONCELLO			
PROVINCIA							

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: qujumkh6-4716-bws4-kid7-2sizx92tjha2


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDAANEXO II
(continuación)

DANOS RECLAMADOS

Especie segundo o anexo I	Clase e idade	Estado	Número de marca auricular

DATOS DA SUBVENCIÓN

IMPORTE QUE SOLICITA

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐ Se o titular é unha persoa xurídica, acordo do órgano competente polo que se aprobou a solicitude desta axuda			
☐ Factura dos gastos veterinarios			
☐ No caso de comunidade de bens, acreditación do acordo da solicitude de axuda			
☐ No caso de comunidade de montes veciñais en man común, acreditación do acordo da solicitude de axuda tomado en asemblea			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Acreditación da representación con que se actúa			

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDAANEXO II
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

OPÓÑOME Á
CONSULTA

DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda	☐
Concesións de subvencións e axudas	☐
Inhabilitación para obter subvencións e axudas	☐
Concesión pola regra de minimis	☐
Inscripción no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia	☐
Identificación da res afectada, o estado sanitario e toda a información necesaria para poder valorar o cumprimento das exigencias legais que afectan o gando conforme a lexislación vixente	☐

MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN

☐ Inscrición no Libro xenealóxico da raza do gando porcino

☐

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.

AUTORIZO A
CONSULTA

NIF da entidade solicitante	☐ SI ☐ NON
NIF da persoa representante	☐ SI ☐ NON
Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT	☐ SI ☐ NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	Os datos persoais serán comunicados á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a outras administracións públicas estatais, autonómicas e locais no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para a tramitación e resolución deste procedemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA**
**ANEXO II
(continuación)**
LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Orde do 20 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MT809B).

Orde do 1 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento MT809B).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Xacobeo 21-22

Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
https://sede.xunta.gal formas previstas na súa norma reguladora

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


ANEXO III
Lista de concellos

Provincia da Coruña	Provincia de Lugo	Provincia de Ourense	Provincia de Pontevedra
Abegondo	Abadín	Allariz	Agolada
Aranga	Alfoz	Amoeiro	Arbo
Arzúa	Baralla	Avión	Caldas de Reis
Baña, A	Barreiros	Baltar	Cañiza, A
Boiro	Becerreá	Bande	Cerdedo-Cotobade
Boqueixón	Begonte	Baños de Molgas	Covelo
Carballo	Castro de Rei	Beariz	Cuntis
Carral	Castroverde	Blancos, Os	Dozón
Cedeira	Cervantes	Bola, A	Estrada, A
Cerceda	Chantada	Bolo, O	Forcarei
Coirós	Corgo, O	Calvos de Randín	Fornelos de Montes
Corcubión	Cospeito	Castrelo do Val	Lalín
Coristanco	Folgoso do Courel	Castro Caldelas	Lama, A
Culleredo	Fonsagrada, A	Celanova	Meis
Curtis	Friol	Chandrexa de Queixa	Mondariz
Dumbría	Guitiriz	Cualedro	Moraña
Frades	Guntín	Entrimo	Ponte Caldelas
Irixoa	Incio, O	Irixo, O	Pontevedra
Laracha, A	Láncara	Laza	Rodeiro
Lousame	Lourenzá	Lobeira	Silleda
Mañón	Lugo	Lobios	Valga
Mazaricos	Meira	Maceda	
Melide	Mondoñedo	Manzaneda	
Mesía	Monforte de Lemos	Melón	
Monfero	Monterroso	Merca, A	
Muros	Muras	Mezquita, A	
Muxía	Navia de Suarna	Montederramo	
Negreira	Negueira de Muñiz	Monterrei	
Ordes	Ouro	Muíños	
Oroso	Outeiro de Rei	Nogueira de Ramuín	
Ortigueira	Palas de Rei	Pobra de Trives, A	
Outes	Pantón	Porqueira	
Oza-Cesuras	Paradela	Punxín	
Pino, O	Páramo, O	Quintela de Leirado	
Pontes de García Rodríguez, As	Pastoriza, A	Rairiz de Veiga	
Porto do Son	Pol	Riós	
San Sadurniño	Pontenova, A	San Amaro	
Santa Comba	Portomarín	San Xoán de Río	

CVE-DOG: qujumkh6-4716-bws4-kid7-2sizx92tjha2



Provincia da Coruña	Provincia de Lugo	Provincia de Ourense	Provincia de Pontevedra
Santiago de Compostela	Ribadeo	Sarreaus	
Santiso	Riotorto	Teixeira, A	
Sobrado	Samos	Veiga, A	
Somozas, As	Sarria	Viana do Bolo	
Teo	Saviñao, O	Vilar de Barrio	
Toques	Sober	Vilar de Santos	
Tordoia	Taboada	Vilardevós	
Touro	Trabada	Vilariño de Conso	
Trazo	Triacastela	Xinzo de Limia	
Vilasantar	Valadouro, O		
Vimianzo	Vicedo, O		
Zas	Vilalba		
	Viveiro		
	Xermade		
	Xove		

